

IES 12 de Outubro

O U R E N S E

PLAN DE **IGUALDADE**

=

Curso 2026/2027



PLAN DE IGUALDADE IES 12 OUTUBRO

ÍNDICE

1. Introducción	3
2. Contextualización normativa	4
3. Contextualización do centro	6
4. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGTIfobia	8
5. Obxectivos coeducativos, que deben aportar:	10
- Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes	
- Prevención, detección e intervención fronte á violencia de xénero	
- Promoción do respecto á diversidade afectivo-sexual	
- Prevención, detección e intervención fronte á LGTBIfobia	
6. Medidas concretas de actuación nos ámbitos de:	12
- Organización e funcionamento do centro	
- Eliminación de estereotipos de xénero na transmisión de valores e saberes	
- Xestión inclusiva dos espazos, recursos e orientación vocacional	
- Incorporación dos valores coeducativos á convivencia escolar	
7. Seguimento e avaliación	15



1. INTRODUCCIÓN

A escola é un espazo privilexiado para a formación integral do alumnado e para a transmisión de valores democráticos baseados no respecto, na igualdade e na inclusión. Nunha sociedade cada vez máis diversa e complexa, os centros educativos teñen a responsabilidade de promover unha convivencia fundamentada na igualdade efectiva entre mulleres e homes, na prevención de calquera tipo de discriminación e no respecto á diversidade.

Neste contexto, o Plan de Igualdade constitúe unha ferramenta esencial para integrar a perspectiva de xénero na vida do centro e favorecer a igualdade de oportunidades, para previr a violencia de xénero e impulsar accións que contribúan a eliminar estereotipos, para fomentar o respecto pola diversidade afectivo-sexual e de xénero e combater calquera manifestación de discriminación ou LGBTIfobia. En definitiva, convértese nun instrumento para fomentar relacións baseadas no bo trato, na corresponsabilidade e no respecto mutuo.

Máis alá do cumprimento da normativa vixente, este plan responde ao compromiso da comunidade educativa coa construción dun centro máis xusto, inclusivo e equitativo, no que todas as persoas poidan desenvolver as súas capacidades en igualdade de condicións, independentemente do seu sexo, identidade, orientación ou circunstancias persoais.

A súa elaboración e aplicación supoñen unha oportunidade para avanzar cara a unha educación que forme cidadáns e cidadás críticos/as, responsables e comprometidos/as coa igualdade como un valor fundamental da sociedade actual.

O plan intégrase no Proxecto Educativo do Centro e desenvolverase anualmente a través dun Plan anual de actuacións de igualdade, que se incluírá na Programación Xeral Anual.



2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA

Normativa estatal

- Constitución Española, do 27 de decembro de 1978, especialmente os artigos 9.2, 14 e 27.
- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia.
- Lei 4/2023, do 28 de febreiro, para a igualdade real e efectiva das persoas trans e para a garantía dos dereitos das persoas LGTBI.

Normativa da Comunidade Autónoma de Galicia

- Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes. (Actualmente derogada, pero constitúe un antecedente normativo en materia de igualdade).
- Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, que é a norma vixente de referencia en materia de igualdade.
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Resolución do 17 de outubro de 2023 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

Protocolos e documentos institucionais de referencia

- Protocolo educativo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso da Consellería de Educación. Este protocolo desenvolve o artigo 30 da Lei 4/2011 e establece o procedemento de actuación dos centros ante situacións de acoso escolar e ciberacoso.



- Guía de actuación ante casos de violencia de xénero no ámbito educativo, elaborada pola Xunta de Galicia, que orienta a detección temperá e a intervención coordinada dos centros educativos nestas situacións.
- Os protocolos da Consellería de Educación para a protección da infancia e adolescencia, relativos á prevención, detección e actuación fronte a calquera forma de violencia sobre o alumnado (violencia de xénero, violencia sexual, LGTBIfobia, autolesións, risco suicida, etc.), na medida en que sexan de aplicación no centro.

O Plan de Igualdade do IES 12 de Outubro é un documento elaborado ao abeiro da instrución do 6 de Setembro de 2019 para a elaboración de Plans de Igualdade, que estableceu a obrigatoriedade de elaborar este documento nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios.

Por último, sinalamos que teremos en conta tamén a Resolución do 5 de xuño de 2025, publicada no DOG do 13 de xuño de 2025, pola que se ditan instrucións para o curso 2025/26 nos centros sostidos con fondos públicos. Aínda que non substitúe a instrución de 2019, reforza cuestións que deben integrarse na planificación dos centros, como: a promoción da convivencia respectuosa, a valoración da diversidade, a prevención do acoso escolar, a educación en valores democráticos e de igualdade, e a implicación de toda a comunidade educativa na creación de espazos seguros e inclusivos.



3. CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO

O centro sitúase no barrio da Ponte, na cidade de Ourense, unha zona de tradición obreira cunha ampla oferta educativa. Trátase dun instituto que imparte ensinanzas de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), Bacharelato e Formación Profesional, constituíndose como un referente na formación da cidade e da provincia.

As instalacións distribúense nun edificio principal, considerado un dos centros de Formación Profesional máis antigos de Ourense, acolle as ensinanzas de ESO, Bacharelato nas modalidades de Ciencias e Tecnoloxía e Humanidades e Ciencias Sociais, así como ciclos formativos da familia profesional de Fabricación Mecánica (Mecanizado). Neste edificio tamén se localizan os servizos administrativos, a biblioteca, o ximnasio e os espazos deportivos e de lecer destinados ao alumnado.

Nun edificio anexo, de construción máis recente, impártense os ciclos de Formación Profesional das familias profesionais de Imaxe Persoal e Electricidade e Electrónica, dotados de talleres e espazos específicos adaptados ás necesidades destas ensinanzas.

No contorno inmediato do centro atópase o IES Eduardo Blanco Amor, así como varios centros públicos de Educación Primaria. O centro adscrito para a incorporación do alumnado á ESO é o CEIP A Ponte, o que favorece a coordinación entre etapas educativas e a continuidade do proceso de aprendizaxe.

En relación co contexto socioeconómico, o alumnado da ESO procede maioritariamente do barrio da Ponte, pertencendo, en termos xerais, a familias cun nivel socioeconómico medio. O centro conta tamén cunha presenza significativa de alumnado de orixe inmigrante, especialmente procedente de países de Hispanoamérica, o que contribúe á diversidade cultural da comunidade educativa.

Pola súa banda, o alumnado de Bacharelato e Formación Profesional non só procede da cidade de Ourense, senón tamén de numerosos concellos da contorna, convertendo o centro nun referente educativo para unha ampla área de influencia.

O instituto escolariza alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ACNEAE), polo que promove unha educación baseada nos principios de inclusión, equidade e atención á diversidade. Esta realidade reflíctese nas actuacións desenvolvidas nos distintos plans e programas do



centro, especialmente no Plan de Atención á Diversidade e no Plan de Igualdade, incorporando medidas orientadas a garantir a participación e o éxito educativo de todo o alumnado.

No ámbito da transformación dixital, o centro dispón dunha páxina web institucional e dunha aula virtual que constitúen ferramentas fundamentais para a comunicación coa comunidade educativa, a organización da actividade docente e o desenvolvemento dos procesos de ensino e aprendizaxe, favorecendo a integración das tecnoloxías dixitais na práctica educativa diaria.



4. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO, COA LGBTIFOBIA.

A elaboración do presente Plan de Igualdade parte da análise da realidade do centro, co obxectivo de identificar as fortalezas, as necesidades e as áreas de mellora relacionadas coa igualdade entre mulleres e homes, a prevención da violencia de xénero, o respecto á diversidade afectivo-sexual e de xénero e a prevención da LGBTIfobia.

Esta análise realizouse a partir da información recollida nos documentos institucionais do centro (Proxecto Educativo, Programación Xeral Anual, Memoria Final, Plan de Convivencia e Plan de Acción Titorial), así como da información achegada polo Equipo Directivo, o Departamento de Orientación, a Coordinación de Benestar e Protección, a Comisión de Igualdade e os diferentes departamentos didácticos.

FORTALEZAS

O centro manifesta un compromiso coa promoción da igualdade e da convivencia democrática, integrando actuacións de carácter coeducativo en diferentes ámbitos da vida escolar.

Entre os principais aspectos positivos destacan:

- Existencia dunha estrutura organizativa que favorece a coordinación das actuacións en materia de igualdade e convivencia.
- Implicación de parte do profesorado no desenvolvemento de actividades relacionadas coa igualdade, a prevención da violencia de xénero e o respecto á diversidade.
- Colaboración entre os diferentes órganos de coordinación docente para incorporar a perspectiva de xénero ás actuacións educativas.
- Desenvolvemento de actividades de sensibilización coincidindo coas principais datas conmemorativas relacionadas coa igualdade.
- Boa coordinación entre a acción titorial, o Departamento de Orientación e a Coordinación de Benestar e Protección.
- Existencia dun clima xeral de convivencia positivo e dunha resposta educativa baseada na prevención e na resolución dialogada dos conflitos.
- Disposición da Biblioteca Escolar como recurso para a promoción da lectura con perspectiva de xénero e diversidade.



DEBILIDADES E NECESIDADES DETECTADAS

Sen prexuízo da valoración positiva do traballo desenvolvido, identifícanse algunhas necesidades de mellora que xustifican a elaboración deste plan:

- Necesidade de consolidar a incorporación sistemática da perspectiva de xénero nas programacións didácticas e na práctica docente.
- Persistencia de determinados estereotipos de xénero nas expectativas académicas e profesionais do alumnado, especialmente nalgúñas ensinanzas de Formación Profesional.
- Necesidade de incrementar a visibilidade das achegas das mulleres en determinados ámbitos científicos, tecnolóxicos, artísticos e profesionais.
- Conveniencia de reforzar a formación da comunidade educativa en materia de igualdade, diversidade afectivo-sexual, novas masculinidades e prevención das violencias machistas.
- Necesidade de continuar promovendo un uso máis igualitario dos espazos comúns e das actividades complementarias e extraescolares.
- Necesidade de reforzar o coñecemento dos protocolos de actuación ante situacións de violencia de xénero, acoso e LGBTIfobia.
- Consolidación dunha estrutura estable de coordinación das actuacións en materia de igualdade que favoreza a planificación, o seguimento e a avaliación das iniciativas desenvolvidas ao longo do curso.
- Promoción dunha maior implicación do alumnado mediante a creación ou fortalecemento dun grupo de participación que colabore no deseño, desenvolvemento e difusión das actividades de coeducación, favorecendo o seu protagonismo e a corresponsabilidade na promoción dunha cultura de igualdade.



5. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS

Obxectivo xeral

Promover unha cultura educativa baseada na igualdade efectiva entre as persoas, na prevención de todas as formas de violencia de xénero e discriminación, no respecto á diversidade afectivo-sexual e de xénero, e na creación dun clima de convivencia seguro, inclusivo e libre de estereotipos, garantindo a participación de toda a comunidade educativa.

Obxectivos específicos

- a. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes
 - Integrar a perspectiva de xénero nas actuacións educativas, organizativas e de convivencia do centro.
 - Favorecer a eliminación de estereotipos e roles de xénero no alumnado, no profesorado e nas familias.
 - Promover unha orientación académica e profesional libre de prexuízos de xénero, especialmente nas ensinanzas de Formación Profesional.
 - Visibilizar as achegas das mulleres aos diferentes ámbitos do coñecemento, da ciencia, da cultura, da tecnoloxía e do deporte.
 - Impulsar o uso dunha linguaxe inclusiva e non sexista na documentación, comunicacións e materiais didácticos do centro.
 - Favorecer unha participación equilibrada de alumnas e alumnos nas actividades, órganos de representación e responsabilidades do centro.
- b. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero
 - Sensibilizar a comunidade educativa sobre as diferentes manifestacións da violencia de xénero, incluídas as violencias dixitais.
 - Desenvolver actuacións educativas que promovan relacións afectivas baseadas no respecto, na igualdade e no bo trato.
 - Formar ao profesorado para identificar situacións de risco e actuar segundo os protocolos establecidos.
 - Dar a coñecer ao alumnado e ás familias os recursos e protocolos de prevención e actuación ante situacións de violencia de xénero.
 - Favorecer a coordinación cos servizos especializados cando sexa necesaria a intervención.
- c. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual
 - Fomentar o respecto á diversidade afectivo-sexual, familiar e de identidade e expresión de xénero como parte dos valores democráticos e dos dereitos humanos.
 - Incorporar referentes diversos nas actividades curriculares e complementarias.



- Desenvolver accións de sensibilización que favorezan a inclusión e o respecto cara a todas as persoas.
 - Garantir que os espazos, materiais e actividades do centro sexan inclusivos e respectuosos coa diversidade.
- d. Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia
- Previr situacións de discriminación, acoso ou violencia por razón de orientación sexual, identidade ou expresión de xénero.
 - Establecer mecanismos de detección temperá e intervención ante posibles casos de LGBTIfobia.
 - Difundir entre toda a comunidade educativa os protocolos de actuación e os recursos de apoio existentes.
 - Garantir a protección e o acompañamento do alumnado afectado, favorecendo un ambiente seguro e respectuoso.
 - Promover a formación do profesorado en materia de diversidade sexual, familiar e de xénero.

Obxectivos transversais

Ademais dos catro bloques normativos, nun centro de ESO e FP resulta recomendable incorporar obxectivos de carácter transversal:

- Implicar activamente a toda a comunidade educativa (alumnado, profesorado, persoal non docente e familias) no desenvolvemento do Plan de Igualdade.
- Incorporar a educación emocional, a resolución pacífica de conflitos e a corresponsabilidade como elementos da acción tutorial.
- Establecer indicadores que permitan avaliar periodicamente o grao de cumprimento das actuacións do Plan de Igualdade.
- Coordinar o Plan de Igualdade co Plan de Convivencia, o Plan de Acción Tutorial, o Plan Dixital e os demais documentos estratéxicos do centro.
- Promover a igualdade de oportunidades nas ensinanzas de Formación Profesional, incentivando a presenza do alumnado do sexo menos representado nas distintas familias profesionais e visibilizando referentes profesionais diversos.



6. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN

As actuacións recollidas neste Plan de Igualdade constitúen as liñas estratéxicas que orientarán a acción coeducativa do centro durante o seu período de vixencia.

ÁMBITO 1. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO

Liñas estratéxicas de actuación	Responsables	Indicadores de seguimento
Integrar a perspectiva de xénero na organización, funcionamento e documentación institucional do centro.	Equipo Directivo. Coordinación de Igualdade. Comisión de Igualdade.	Grao de incorporación da perspectiva de xénero nos documentos institucionais.
Consolidar a Comisión de Igualdade como órgano de planificación, coordinación, seguimento e avaliación do Plan.	Dirección. Coordinación de Igualdade. Comisión de Igualdade.	Funcionamento regular da Comisión e cumprimento das súas funcións.
Promover a formación permanente da comunidade educativa en materia de igualdade, coeducación, diversidade afectivo-sexual e prevención das violencias machistas.	Equipo Directivo. Coordinación de Igualdade. Departamento de Formación	Participación nas accións formativas e valoración das mesmas.
Favorecer a participación equilibrada de toda a comunidade educativa no desenvolvemento das actuacións do Plan de Igualdade.	Equipo Directivo. Comisión de Igualdade.	Grao de participación dos distintos sectores da comunidade educativa.

ÁMBITO 2. ELIMINACIÓN DE ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DE VALORES E SABERES

Liñas estratéxicas de actuación	Responsables	Indicadores de seguimento
Incorporar a perspectiva de xénero ao currículo, ás programacións didácticas e á práctica docente.	Departamentos Didácticos. Comisión de Coordinación Pedagóxica.	Programacións que incorporan medidas coeducativas.
Favorecer a visibilización das achegas das mulleres e doutros colectivos historicamente menos representados en todas as áreas do coñecemento.	Departamentos Didácticos. Biblioteca Escolar.	Actuacións e recursos incorporados ás diferentes materias e módulos profesionais
Promover actuacións educativas orientadas á eliminación dos estereotipos e roles tradicionais de xénero.	Titorías. Departamento de Orientación. Departamentos Didácticos.	Desenvolvemento das actuacións previstas no Plan Anual.



Impulsar o uso dunha linguaxe inclusiva e non sexista nas comunicacións, materiais e recursos educativos do centro.	Equipo Directivo. Departamentos Didácticos.	Grao de adecuación dos materiais e comunicacións institucionais.
---	--	--

ÁMBITO 3. XESTIÓN INCLUSIVA DOS ESPAZOS, RECURSOS E ORIENTACIÓN VOCACIONAL

Liñas estratéxicas de actuación	Responsables	Indicadores de seguimento
Promover un uso inclusivo, igualitario e seguro dos espazos e recursos do centro.	Equipo Directivo. Comisión de Igualdade. Coordinación de Benestar.	Melloras introducidas na organización dos espazos e valoración da comunidade educativa.
Favorecer unha orientación académica e profesional libre de estereotipos de xénero, especialmente nas ensinanzas de Formación Profesional.	Departamento de Orientación. Titorías. Departamentos de Formación Profesional.	Actuacións desenvolvidas para favorecer eleccións académicas e profesionais libres de estereotipos.
Potenciar a Biblioteca Escolar como espazo de referencia para a educación en igualdade, diversidade e coeducación.	Biblioteca Escolar. Comisión de Igualdade.	Incremento e utilización dos recursos coeducativos dispoñibles
Promover a colaboración con institucións, entidades e profesionais que desenvolvan iniciativas relacionadas coa igualdade e a coeducación.	Equipo Directivo. Comisión de Igualdade. Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares	Número de colaboracións e actuacións desenvolvidas.

ÁMBITO 4. INCORPORACIÓN DOS VALORES COEDUCATIVOS Á CONVIVENCIA ESCOLAR

Liñas estratéxicas de actuación	Responsables	Indicadores de seguimento
Incorporar de forma transversal os valores da igualdade, do respecto á diversidade e da convivencia democrática nas actuacións educativas do centro.	Equipo Directivo. Titorías. Departamentos Didácticos.	Integración destes valores nas actividades educativas e de convivencia.
Promover accións de sensibilización para a prevención da violencia de xénero, da discriminación e da LGBTIfobia.	Comisión de Igualdade. Departamento de Orientación. Coordinación de Benestar e Protección.	Actuacións desenvolvidas no marco do Plan Anual de Actividades.
Garantir o coñecemento e a aplicación dos protocolos de prevención, detección e intervención	Equipo Directivo. Coordinación de Benestar e Protección Departamento de Orientación	Grao de difusión e aplicación dos protocolos cando ante situacións de violencia de xénero, acoso ou discriminación resulte necesario.
Favorecer un clima escolar baseado no respecto, na inclusión, na participación e na resolución pacífica dos conflitos.	Toda a comunidade educativa, baixo a coordinación do Equipo Directivo e da Comisión de Igualdade.	Evolución dos indicadores de convivencia e percepción do clima escolar.



As liñas estratéxicas recollidas neste Plan desenvolveranse mediante actuacións concretas que se establecerán anualmente no Plan anual de accións de igualdade. Este documento operativo concretará, para cada curso escolar, as actividades que se realizarán, a súa temporalización, os recursos necesarios, as persoas responsables da súa execución e os indicadores específicos para a súa avaliación, en coherencia cos obxectivos e coas liñas estratéxicas definidas neste Plan de Igualdade.



7. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE IGUALDADE

O seguimento e a avaliación do Plan de Igualdade constitúen un proceso continuo destinado a comprobar o grao de consecución dos obxectivos estratéxicos establecidos, valorar a eficacia das actuacións desenvolvidas e introducir as melloras que resulten necesarias.

A Comisión de Igualdade, en coordinación co Equipo Directivo e coa persoa coordinadora de Igualdade, será a responsable de realizar o seguimento do Plan, recollendo información sobre o seu desenvolvemento e elaborando propostas de mellora cando sexa preciso. Ao remate de cada curso, elaborárase unha Memoria Anual de Igualdade, que formará parte da Memoria Final do centro e incluírá, cando menos:

- Grao de execución das actuacións previstas no Plan anual de accións de Igualdade.
- O nivel de consecución dos obxectivos.
- A valoración da participación do alumnado, profesorado, familias e persoal non docente.
- As incidencias detectadas e as dificultades atopadas durante a súa implementación.
- A análise dos indicadores de avaliación establecidos.
- As propostas de mellora e as prioridades de actuación para o curso seguinte.

A avaliación do Plan de Igualdade realizarase en dous niveis complementarios:

- a) Avaliación anual, mediante a Memoria Anual de Igualdade, centrada no desenvolvemento das actuacións previstas para cada curso.
- b) Avaliación final do Plan, ao remate do seu período de vixencia, coa finalidade de valorar:
 - Grao de consecución dos obxectivos estratéxicos.
 - A evolución da cultura coeducativa do centro.
 - O impacto das actuacións na convivencia escolar.
 - A incorporación efectiva da perspectiva de xénero na organización e funcionamento do centro.
 - As necesidades detectadas para a elaboración do seguinte Plan de Igualdade.



Como instrumentos de seguimento e avaliación poderanse utilizar, entre outros:

- Actas da Comisión de Igualdade.
- Rexistro das actividades desenvolvidas.
- Informes dos departamentos didácticos e das titorías.
- Cuestionarios de satisfacción.
- Rexistros de participación.
- Memorias das actividades.
- Datos obtidos dos informes de convivencia e dos protocolos aplicados, cando proceda.
- Calquera outro indicador que permita valorar a eficacia das medidas adoptadas.

Os resultados da avaliación servirán para revisar periodicamente o Plan de Igualdade e orientar a planificación das actuacións anuais, garantindo un proceso de mellora continua e a adaptación ás necesidades da comunidade educativa.

Ourense, 2 de setembro de 2026

A DIRECCIÓN DO CENTRO